

RESOLUCIÓN DO 24 DE XULLO DO 2015, DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DESIGNADA PARA O PROCESO SELECTIVO REF.PER.-2015/14, POLA QUE SE PUBLICA A LISTA PROVISIONAL COAS PUNTUACIÓNS DO PROCESO SELECTIVO.

En sesión que tivo lugar o 24 de xullo do 2015, a Comisión de Selección designada ao efecto para cualificar o proceso selectivo polo sistema de concurso para a contratación de persoal mediante contrato de duración determinada para a Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, e de conformidade coas bases da convocatoria que rexen o proceso, **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a lista provisional coas puntuacións do proceso selectivo de conformidade co disposto no artigo 8 das bases da convocatoria do proceso selectivo REF.PER.-2015/14.

Segundo.- Facer pública a lista provisional coas puntuacións do proceso selectivo, que figuran no ANEXO I que se achega coa presente Resolución.

Terceiro.- De conformidade co disposto no artigo 8 das bases da convocatoria que rexen o proceso selectivo, os/as candidatos/as disporán dun prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución na páxina web e no taboleiro de anuncios da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, para presentar as pertinentes reclamacións perante a Comisión de Selección, preferentemente na Oficina de Rexistro da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, sita no Parque Tecnolóxico de Galicia, Avda. de Galicia, num. 4, CP: 32900, San Cibrao das Viñas, Ourense, en horario de 9:00 horas a 14:00 horas, de luns a venres.

O prazo remata o vindeiro luns 27 de xullo do 2015, inclusive.

Cuarto.- A estimación ou desestimación das reclamacións entenderase implícita na publicación da correspondente lista definitiva coas puntuacións do proceso selectivo.

San Cibrao das Viñas, 24 de xullo do 2015.

O Presidente da Comisión de Selección



Asdo.: Lucio García Calvo.

ANEXO I

APELIDOS	NOME	DNI	Puntuación valoración méritos	Puntuación entrevista	PUNTUACIÓN TOTAL
BARBA SEARA	ÓSCAR	44455895T	11,35	1,80	13,15
FERNÁNDEZ SANMIGUEL	CRISTINA	44481749W	10,50	2,00	12,50
LÓPEZ CASTRO	LORENA	44452758Z	5,00	1,70	6,70

